

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE NOVEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:10 horas do día 9 de novembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 4)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 5 de novembro de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75- 441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	ORECO, S.A.	1.175.491,62
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.029.349,41
3	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	986.283,10
4	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	1.149.651,98
5	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	1.215.000,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:31	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-5F3CBE-53DH47-56D53K-MXCCV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo do contrato
6	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	1.032.409,46
7	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	1.369.641,88
8	CIVIS GLOBAL, S.L.	987.130,56
9	COPCISA, S.A.	1.197.801,24
10	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	1.027.231,41
11	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	1.038.809,83
12	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	992.496,16
13	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.052.082,65
14	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	1.010.146,19
15	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	1.028.784,35
16	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	1.077.216,77

Asisten á apertura Asisten á apertura D. Carlos García Anllo, con DNI 44.446.663-Z, en representación de MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.; D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción; D. Roberto Pérez Durán, con DNI 77.411.746-W, en representación de COPCISA, S.A.; D. Felipe Comesaña, con DNI 16.009.542-R, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.; e D. Pedro Garralón Comesaña, con DNI 36.108.478-L, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.

A información sobre a pertenza ou non a un grupo de empresas de todos os licitadores agás COPCISA, S.A., EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. consta nos expediente nº 74-441 e 109-441 que se están a tramitar paralelamente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- a) Conceder un prazo de tres días a COPCISA, S.A., EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. para que indiquen se pertencen ou non a un grupo de empresas para os efectos de calcular as baixas anormais segundo o previsto no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP (artigo 86 do RXLCAP).
- b) Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor, unha vez recibida a documentación anterior.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pelaio” (83-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:31	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-5F3CBE-53DH47-56D53K-MXCCV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	104.719,99
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	115.286,56
3	ELSAMEX, S.A.	112.530,00
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	105.875,99
5	NAROM, S.L.	101.469,60

Asisten á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción; e D. Antonio Soto D. Augusto, con DNI 36.121.912-K, en representación de CONSTRUCCIONES FECHI, S.L..

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	1.531.737,79
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	1.552.521,50
3	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	1.596.904,00
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	1.720.974,95
5	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.599.935,00
6	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	1.563.129,00
7	CIVIS GLOBAL, S.L.	1.567.027,00
8	COPCISA, S.A.	1.736.979,50
9	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	1.777.032,00
10	ELSAMEX, S.A.	1.663.750,00
11	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	1.524.160,00
12	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	1.727.236,28



	Licitador	Redución do prezo do contrato
13	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	1.729.000,00
14	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXC. Y TRANSPORTES MANUEL RODRIGUEZ, S.L.	1.657.307,50

Asisten á apertura D. Pedro Garralón Comesaña, con DNI 36.108.478-L, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA; D. Felipe Comesaña, con DNI 16.009.542-R, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.; D. Roberto Pérez Durán, con DNI 77.411.746-W, en representación de COPCISA, S.A.; e D. Víctor del Canto, con DNI 09.791.741-C, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)

Entrégase o informe asinado por D^a. María José Carús Riesgo, en representación da empresa encargada da licitación electrónica - PLYCA, o 8 de novembro de 2018 no que se conclúe que neste procedemento *“se cumpriron os requisitos en termos de confidencialidade ao longo da tramitación do expediente”*.

A continuación, a secretaria comunica aos membros da Mesa que o 11 de outubro de 2018 se notificou o acordo de clasificación e se requiriu a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., que presentou a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- 1) Dar traslado a NEC IBERIA, S.L.U. do informe emitido por D^a. María José Carús Riesgo, en representación da empresa encargada da licitación electrónica - PLYCA, o 8 de novembro de 2018, en contestación aos seus escritos de datas 26 e 31 de outubro de 2018.
- 2) Conceder un prazo de tres días a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. para que poida acreditar correctamente a súa solvencia técnica de acordo cos requisitos previstos na cláusula 8 do PCAP (*“Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato*, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato”*).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:31	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-5F3CBE-53DH47-56D53K-MXCCV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

Na documentación presentada o 26 de outubro de 2018 achegan dous certificados, un deles por importe de 116.469,22 euros (insuficiente tendo en conta a anualidade media do prezo do contrato) e outro por importe de 6.866.418,64 euros, importe moi superior á anualidade media pero relativo a un contrato executado en UTE e por un prazo de 48 meses, onde non se indica nin a porcentaxe de participación da UTE, nin o importe por anualidades, polo que non se pode deducir o importe executado por TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. nun dos últimos tres anos.

* 227.555,56 euros

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:31	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-5F3CBE-53DH47-56D53K-MXCCV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Clasificación de orden	% de baixa
1	ENDESA ENERGIA SA	40,14
2	CHZ LIGHTING SPAIN SOCIEDAD LIMITADA.	34,41
3	ESELED CONSULTING SL	32,44
4	DIELECTRO INDUSTRIAL SA	32,38
5	INGENIERIA Y SERV.EFICIENCIA ENERGETICA,S.L.	32,16
6	SELVIGO	31,99
7	IMESAPI, SA	27,38
8	DIGAMEL SA	20,30

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENDESA ENERGÍA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENDESA ENERGÍA, S.A., o día 16 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou conceder a ENDESA ENERGÍA, S.A. un prazo de tres días para a súa emenda.

Durante o prazo concedido, o citado licitador presentou a documentación requirida, que foi cualificada pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de novembro de 2018, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ENDESA ENERGÍA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:31	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-5F3CBE-53DH47-56D53K-MXCCV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ENDESA ENERGÍA, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis a través de fórmula de data 10 de outubro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ENDESA ENERGÍA, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444) coas seguintes condicións por un prezo total de 650.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 112.809,92 euros e coas seguintes baixas proporcionais para os prezos unitarios dos materiais especificados no PPT:

1. ud Luminaria led vial 20-40 W: 37,12%
2. ud luminaria led vial 40-60 W: 41,99%
3. ud luminaria led Villa 35-50 W ou similar: 2,72%
4. ud luminaria led Villa antivandalica 35-50 W ou similar: 77,82%
5. ud luminaria Stella 10-50 W ou similar: 19,51%
6. ud módulo led Snap ou similar: 27,80%
7. ud proxector Grey 50-80 W ou similar: 22,04%
8. ud aplique led antivandalico 24 W: 34,24%
9. SAI RIELLO-ENERDATA Multi Sentry (MTS 30 KVA + baterías de PB-H para 10 min de autonomía) ou similar: 15,10%
- 10.ud brazo aceiro galvanizado: 4,89%
- 11.ud alargadeira aceiro galvanizado: 14,09%
- 12.ud columna aceiro galvanizado 3 metros: 10,69%
- 13.ud columna aceiro galvanizado 4 metros: 22,20%
- 14.ud columna aceiro galvanizado 6 metros: 21,14%
- 15.ud columna aceiro galvanizado 9 metros: 5,17 %
- 16.ud columna aceiro galvanizado 10 metros: 10,42%
- 17.ud columna aceiro galvanizado 12 metros: 40,10%
- 18.ud poste de formigón 9 metros: 5,54%
- 19.ud columna Fernando VII 4,15 metros: 19,73%
- 20.ud columna Versalles ou similar 3,7 metros: 64,94%
- 21.ud cadro de mando trifásico para iluminación pública: 46,90%
- 22.ud saída aérea trifásica: 5,26%
- 23.ud acometida aérea trifásica: 5,26%
- 24.ud cadro de mando monofásico para iluminación pública: 49,91%
- 25.ud saída aérea monofásica: 5,26%
- 26.ud acometida aérea monofásica: 5,26%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:31	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-5F3CBE-53DH47-56D53K-MXCCV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

27.ud electrodo tipo pica de Cu 2000x14.6 mm: 5,26%

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:31	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AA4F-5F3CBE-53DH47-56D53K-MXCCV3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		